

# CASTRO DE SANTOMÉ

**Castro:** Castro de Santomé  
**Localidade:** San Tomé (Ourense)  
**Data escavación:** 1983

## Localización:

Atópase en Santo Tome, a 3 km. da cidade de Ourense.



7

## Algunha característica especial:

Nunha das estancias do andar inferior documentase un excepcional sistema de calefacción (a "trébede") que consiste nun banco oco de ladrillos pegado á parede, e por un lateral introdúcese a leña e palla que ao arder quenta as dependencias.

## Descrición do castro:

Atópase nun esporón montañoso, cunha posición dominante sobre o seu contorno, e unha topografía que o fai inexpugnábel. Existe un forte cantil sobre o río Loña que lle serve de defensa natural polo suroeste. Nas zonas máis accesibles construíuse unha muralla con torreón e foxo. As vivendas están sobre terrazas naturais e sobre outras construídas artificialmente. Os aterraxamentos están conexiónados pola existencia de rúas.

Foi habitado na época castrexa, entre o século I a.C. e o século II d.C.